



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUIDOS/AS QUE PARTICIPARÁN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA O SERVIZO DE LIMPEZA DE PRAIAS 2026 E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO, AO ABEIRO DO PROGRAMA MA100/2026 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA. (EXP. 2026/E001/000001)

EXPEDIENTE: 2026/G003/000292

ANTECEDENTES:

Pola resolución de Alcaldía núm. 228/2026, do 7 de abril de 2026, aprobouse a convocatoria e as bases que han de rexer o procedemento selectivo, polo sistema de concurso-oposición, para a contratación de persoal laboral temporal a tempo completo para o servizo de limpeza de praias, anualidade 2026, e formación dunha bolsa de emprego, na categoría de peón de limpeza de praias (Grupo 10) que terán como cometido a realización de tarefas de limpeza de praias e limpeza medioambiental.

A contratación laboral encóntrase subvencionada pola Deputación da Coruña, mediante resolución da Presidencia 4768 do 4 de febreiro de 2026, que foi publicada no BOP número 31, do 16 de febreiro de 2026, concedeuse de forma provisional, as subvencións da convocatoria MA100: SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS NO 2026, publicándose no BOP número 57 de 26 de marzo de 2026 a resolución pola que se aproba a concesión definitiva do programa MA100/2026, pola que se outorga ao Concello de Ponteceso a contía de 29.411,11 € para a contratación de 6 operarios para o servizo de limpeza de praias no ano 2026, cunha duración de 89 días.

No BOP núm. 67 do 13 de abril de 2026, publicouse a convocatoria e as bases, así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, concedéndose aos interesados para a presentación de solicitudes, un prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, de conformidade coa base quinta.

Transcorrido o prazo para a presentación de instancias, o cal comprendeu desde o día 14-04-2026 ao 20-04-2026 (ambos inclusive), emítese pola Secretaría certificado de data 24-04-2026 das solicitudes presentadas, conforme ao informe de rexistro de data 23-04-2026.

Unha vez revisadas as solicitudes presentadas, de acordo cos requisitos esixidos aos aspirantes na base cuarta, e tendo en conta a competencia que lle atribúe a esta Alcaldía o artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril,

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as que participarán no proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal a tempo completo para o SERVIZO DE LIMPEZA DE PRAIAS, anualidade 2026, e formación dunha bolsa de emprego de OPERARIOS DE LIMPEZA DE PRAIAS, ao abeiro do programa MA100/2026 da Deputación da Coruña, por medio de concurso-oposición, conforme aos requisitos establecidos na base cuarta:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Admitidos/as:

Nº	Apelidos e nome	DNI	CELGA
1	ALVAREZ DE SOTOMAYOR PUGNAIRE, GONZALO	***5368**	SI
2	AMADO LEMA, ERIKA	***4475**	SI
3	AÑON REY, SUSANA	***1405**	SI
4	GARCIA PAZ, FRANCISCO JOSE	***2205**	SI
5	GERMOSEN MUÑOZ, JUAN PABLO	***6793**	NON*
6	JAIME MERINO, REBECA RUTH	***2550**	NON*
7	MATUTE HERRERA, JOSE ANTONIO JESUS TADEO	***1190**	NON*
8	MENDOZA ROMAN, AZUMI NAOMI	***5025**	NON*
9	MORALES RODRIGUEZ, JUAN CARLOS	***9451**	SI
10	ORDOÑEZ POMBO, YERAY	***7485**	SI
11	PENA CAAMAÑO, YAGO	***2504**	SI
12	POSE POSE, VICTOR	***4706**	SI
13	VERDES RAMA, MARCOS	***0184**	SI
14	VERES LEMA, MARIA TERESA	***0805**	SI



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Nº	Apelidos e nome	DNI	CELGA
15	VIDAL RODRIGUEZ, YOLANDA	***1692**	SI
16	VILLAR GARCIA, JOSE ANTONIO	***3357**	SI

* Non acredita estar en posesión do CELGA 1. Deberá superar unha proba de acreditación de coñecemento da lingua galega, consonte establece a base oitava c)

Excluídos/as:

Nº	ASPIRANTE/S	DNI	CELGA	CAUSA/S DA EXCLUSIÓN
1	DOCAMPO FERNANDEZ, ADRIAN	***9336**	SI	Por ausencia de firma na solicitude de participación (Anexo II) (Art. 66.1.e) LPACAP)
2	CASTILLO TORRE, JENNY DINA MANUELA	***1474**	NON	Por non acreditar o requisito da base 4 a)
3	PERRIGGO CASTILLO, CAMILA XIOMARA	***6429**	NON	Por non acreditar o requisito da base 4 a)

Segundo: Outorgar ás persoas excluídas, un prazo de **dous (2) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.ponteceso.gal>) para a corrección da documentación necesaria para participar no proceso, conforme ao disposto na base sexta.

No suposto de non presentarse alegacións contra a listaxe provisional, esta elevarase automaticamente a definitiva.

Terceiro: Nomear aos membros do tribunal cualificador que xulgará o procedemento selectivo consonte ao establecido na bases sexta e sétima, e nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

PRESIDENTE/A:

- Titular: D^o. Rubén Pérez Cotelo, coordinador de Seguridade, Emerxencias, Protección Civil e do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) de Ponteceso
- Suplente: D^a Isabel Rejes Canoura, técnica de Emprego Local

SECRETARIO/A:

- Titular: D^a. M^a José Sueiro Pose, funcionaria, auxiliar administrativa, do Concello de Ponteceso
- Suplente: D^o Ernesto Fernando Calvo Pérez, arquitecto técnico municipal



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

VOGAIS:

PRIMEIRO.

- Titular: D^o. Alejandro Rodríguez Cruz, persoal laboral fixo, condutor de obras e servizos do Concello de Ponteceso
- Suplente: D^o Juan José Pose Mouzo, persoal laboral fixo, condutor de obras e servizos do Concello de Ponteceso

SEGUNDO.

- Titular: D^a. M^a José Fondo Balsas, funcionaria, policía local do Concello de Ponteceso
- Suplente: D^o Carlos Andrade Castro, funcionario, policía local do Concello de Ponteceso

TERCEIRO.

- Titular: M^a Isabel Amado Rodríguez, persoal do GES
- Suplente: Javier Ordóñez Barca, persoal do GES

A actuación do Tribunal deberá axustarse ás bases da convocatoria e estará facultada para resolver as cuestións que puidesen suscitarse no curso do proceso selectivo e para adoptar os acordos necesarios para a debida orde do mesmo, en todo o non previsto nestas normas.

O Tribunal resolverá, por maioría de votos dos membros presentes, todas as dúbidas que xurdan da aplicación das normas contidas nas bases e determinará a actuación procedente nos casos previstos. Os seus acordos só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal, no seu caso, realizarase consonte ao disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

Cuarto: Fixar a data de constitución do Tribunal para xulgar o procedemento selectivo e convocar aos seus membros para a valoración da fase de concurso e aos aspirantes admitidos para a realización da 1^a proba correspondente á fase de oposición, na data, lugar e hora seguintes:

- **VENRES, 15 de maio de 2026, no Salón de Plenos** da Casa do Concello:

- Ás 9:50 horas: Constitución do Tribunal.
- Ás 10:00 horas: Valoración do concurso de méritos
- Ás 11:30 horas: Realización polos aspirantes da primeira proba (**test**).

Quinto: Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.ponteceso.gal>) e notificar en legal forma aos membros do Tribunal.

Sexto: Dar conta ao Pleno desta resolución na vindeira sesión ordinaria que se celebre.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Documento asinado electronicamente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. José Manuel Mato Martínez, ante min, o secretario en acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde,

D. José Manuel Mato Martínez

O secretario en acumulación,

Dº. Francisco Javier Novoa Juiz